

1 Forma os diminutivos destas palabras engadindo **-iño, -iña**:

horta → vento → grilo →
 flor → nai → fillo →

2 Escribe ao lado de cada oración o pronome persoal que corresponde ás palabras subliñadas:

- Laura ten unha horta.
- A Xoán gústalle escoitar os grilos.
- Suso, Inés e mais eu somos amigos.
- Laura e Inés tamén se levan ben.
- Suso e ti atopastes unha xoaniña.
- Vou ir ao campo con Sara e mais con Raúl.

3 Completa con **bu-, bur-** ou **bus-**:

.....farda bullas car la
rato xaina que cador

4 Le o seguinte poema e contesta as preguntas:

Polo corredor do ceo	Polo corredor do ceo
pasea a nube o seu don;	escapa a nube redonda;
lévache pendentes de auga	no fondo dos ollos leva
e camisa de algodón.	augas das pozas máis fondas.

Ana M.^a Fernández: *Pola rúa dos versos*, Ed. Edelvives (adaptación).

- Cantas estrofas ten o poema?
- Cantos versos ten cada estrofa?
- Que palabras riman na 1.^a estrofa? e

5 Colorea os recadros que conteñan palabras que riman:

bolboreta violeta	verme vermello	caravel chuchamel	camelia camelo	xasmín xardín
----------------------	-------------------	----------------------	-------------------	------------------